

## DOUTORAMENTO: Inicio de estudos para estudantes internacionais

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Os alumnos procedentes de sistemas educativos estranxeiros deberán realizar a solicitude de admisión no [programa de doutoramento](#) correspondente, dentro dos prazos establecidos, a través da [secretaría virtual](#). Ademais:

- Se os estudos foron realizados nalgún dos **países indicados**, deben presentar o Suplemento europeo ao título (SET) ou un certificado expedido pola súa universidade que acredite que lle dan acceso ao doutoramento.

Alemaña	Dinamarca	Islandia	Países Baixos
Andorra	<i>Escolas Europeas</i>	Irlanda	Polonia
Austria	Eslovaquia	Italia	Portugal
<i>Bacharelato Internacional</i>	Eslovenia	Letonia	Reino Unido
Bélxica	Estonia	Liechtenstein	Romanía
Bulgaria	Finlandia	Lituania	Suecia
República Checa	Francia	Luxemburgo	Suíza
China	Grecia	Malta	
Chipre	Hungría	Noruega	

- Se os estudos foron realizados **noutros países** deben solicitar a equivalencia da súa titulación nesta Universidade.

**A admisión e matrícula teñen carácter provisional e están condicionadas á concesión da equivalencia.**

**Que é a equivalencia de títulos?** Os titulados segundo sistemas educativos alleos ao EEES, poden acceder aos estudos de Doutoramento, sen homologar os seus títulos, previa comprobación pola universidade de que os estudos realizados acreditan un nivel de formación **equivalente** ao do título oficial español de máster universitario e que faculta no país expedidor do título o acceso aos estudos de doutoramento. Esta forma de acceso ao doutoramento non implica, en ningún caso, a homologación previa do título nin o seu recoñecemento a outros efectos.

O **RECOÑECIMENTO DE EQUIVALENCIA** solicítase no [Servizo de xestión académica](#) cando o alumno resulta admitido no programa de doutoramento.

A solicitude debe ir acompañada da seguinte documentación, traducida ao español<sup>1</sup> e expedida polas autoridades competentes, consonte ao ordenamento xurídico do país de orixe. A documentación académica como memoria, currículo, etc, non necesita tradución:

<sup>1</sup> Deberán ser traducidos todos aqueles documentos que non estean redactados en español, galego ou portugués

- 1.- Copia DNI, NIE ou pasaporte
- 2.- **Certificación Académica** dos estudos universitarios na que recolla a súa duración, anos académicos, materias cursadas, carga lectiva de cada materia (horas ou créditos), cualificacións e escala de cualificacións.
- 3.- **Títulos universitarios.**
- 4.- Información complementaria: Acreditar que a súa titulación ten un nivel de formación equivalente aos títulos españois de grao e máster que facultan no país de orixe para o acceso a estudos de doutoramento.
- 5.- Acreditación do abono dos [prezos públicos](#) pola solicitude de equivalencia

Os documentos expedidos fóra do Espazo europeo de educación superior que sexan necesarios para a tramitación de declaración de equivalencia do título teñen que ser previamente legalizados (ver anexo).

Os documentos, orixinais ou copias legalizadas diplomaticamente, poden retirarse presentando copia dos mesmos para que o funcionario poida verificar a identidade entre orixinal e copia (cotexo).

En caso de enviar por correo postal estes documentos, unicamente se admitirán as copias compulsadas pola representación diplomática española no seu país (embaixada ou consulado), por un notario español ou as presentadas e seladas en rexistros de organismos e institucións españolas onde, consonte á Lei de procedemento administrativo, se poida presentar a solicitude.

Non é necesario homologar o título de grao para cursar un Doutoramento, pero si para poder exercer profesionalmente.

## **PRAZOS**

[Prazo de admisión e matrícula anticipada](#)

[Prazos de admisión e matrícula ordinarios](#)

## **PUBLICACIÓN DE LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS**

No prazo correspondente, a través da [secretaría virtual](#) pódese consultar o estado da solicitude.

Se se require completar a documentación para a admisión, debe ser enviada aos coordinadores dos programas en formato electrónico coas extensións .pdf ou .doc e ter un tamaño menor a 2Mb.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos, o alumno deberá realizar a matrícula no prazo establecido.

---

## MATRÍCULA

Debe realizarse a matrícula a través da [secretaría virtual](#).

A documentación deberá entregarse ou remitirse no prazo de 10 días á Sección de posgrao, terceiro ciclo e formación continua da USC<sup>2</sup>. De non dispor da documentación solicitada por estar en trámite, debe achegarse xustificante da solicitude de inicio do trámite correspondente (solicitude de legalización do título, ...)

### Documentación solicitada:

- Fotocopia do pasaporte ou documento de identificación para estranxeiros
- Copia do título
- Solicitude de equivalencia, en caso de ser necesaria
- Xustificante de pagamento de matrícula

### Forma de pagamento:

Deberá aboarse nos 10 días seguintes á realización da matrícula.

Se o pagamento é feito desde fóra de España debe realizarse mediante transferencia bancaria aos seguintes números de conta:

NOVAGALICIA BANCO	BANCO SANTANDER
CCC 2080 0300 81 3110000473	CCC 0049 2584 91 1310931470
IBAN E95 2080 0300 8131 1000 0473	IBAN E73 0049 2584 9113 1093 1470
SWIFT CAGLESMMXXX	SWIFT BSCHEMMXXX

Se se realiza en España, pode optarse polos medios habituais de pago (ingreso, domiciliación ou tarxeta)

### Prezo:

- Titoría anual de doutoramento: 200 euros
- Apertura de expediente: 22,31 euros
- Tarxeta universitaria de identidade: 4,79 euros
- Seguro médico menores de 28 anos: 1,12 euros
- Seguro médico maiores de 28 anos: 15 euros
- Solicitude de equivalencia para estudos estranxeiros: 27,09

---

<sup>2</sup> Sección de posgrao, terceiro ciclo e formación continua

E-mail: [seccionterceirociclo@usc.es](mailto:seccionterceirociclo@usc.es) Teléfonos: 881 81 45 85/86/88

Pavillón Estudiantil (Campus Vida) – 15782 Santiago de Compostela

## ANEXO- LEGALIZACIÓN E TRADUCCIÓN DE DOCUMENTOS

### • Legalización de documentos

Non se esixe legalización para os documentos expedidos en estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo:

Alemaña	Estonia	Italia	Portugal
Austria	Finlandia	Letonia	Reino Unido
Bélxica	Francia	Liechtenstein	República Checa
Chipre	Grecia	Lituania	Suecia
Dinamarca	Holanda	Luxemburgo	Suíza
Eslovaquia	Hungría	Malta	
Eslovenia	Irlanda	Noruega	
España	Islandia	Polonia	

Nos demais casos os documentos expedidos no estranxeiro deberán estar debidamente legalizados con arranxo ás seguintes condicións:

- ✓ Para legalizar documentos expedidos en países que subscribiron o **Convenio da Haia** é suficiente coa legalización única ou "Apostila" estendida polas autoridades competentes do país:

Andorra	Dominica	Lesotho	San Mariño
Antiga e Barbuda	Ecuador	Liberia	San Vicente e Granadinas
Antillas Holandesas	O Salvador	Macau	Santa Elena
Arxentina	Estados Unidos	Macedonia	Santa Lucía
Armenia	Fidxi	Malawi	Santo Tomei e Príncipe
Australia	Xeorxia	Mauricio	Serbia e Montenegro
Acerbaixán	Xibraltar	México	Séichelles
Bahamas	Granada	Moldavia	Sudáfrica
Baillía de Guernsey	Honduras	Mónaco	Surinam
Barbados	Hong Kong	Mongolia	Swazilandia
Belice	India	Montserrat	Tonga
Bermuda	Illas Caimán	Namibia	Trinidad e Tobago
Bielorrusia	Illas Cook	Nova Zelandia	Turquía
Bosnia-Herzegovina	Illa de Man	Niue	Uruguai
Botswana	Illas Malvinas	Omán	Ucraina
Brunei Darussalan	Illas Marshall	Panamá	Vanuatu
Bulgaria	Illas Turks e Caicos	Perú	Vaticano
Cabo Verde	Illas Virxes	República Dominicana	Venezuela
Chipre	Israel	Romanía	
Colombia	Xapón	Rusia	
Corea do Sur	Xersei	Samoa Occidental	
Costa Rica	Kazajstán	San Cristóbal e Neves	
Croacia			

- ✓ Os documentos expedidos no **resto dos países** deberán legalizarse por vía diplomática. Para iso deberán ser presentados en:
  - Ministerio de educación do país de orixe para títulos e certificados de estudos.
  - Ministerio de asuntos exteriores do país onde se expediron devanditos documentos.
  - Representación diplomática ou consular de España no devandito país.

### • Compulsas

Presentarase o documento orixinal xunto cunha fotocopia para a súa compulsas no servizo correspondente.

Se os documentos xa foron confrontados ante notario español ou polas representacións diplomáticas ou consultares de España no país de onde procedan os documentos, non será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

Non procederá a compulsas ou cotexo de documentos xa compulsados ou que non sexan orixinais.

### • Tradución de documentos

Só son admisibles a efectos da legalización as traducións oficiais:

1. As realizadas en España por un tradutor/ Interprete xurado español con nomeamento polo MAEC. Estas traducións están exentas de legalización. Son válidas sen necesidade de ningún trámite adicional.
2. As traducións realizadas por unha representación española no estranxeiro, así como a tradución estranxeira asumida como propia por unha Representación española requiren a legalización do MAEC – Sección de legalizacións.
3. As traducións realizadas pola representación diplomática ou consular en España do Estado que expediu o documento. Requiren a legalización do MAEC – Sección de legalizacións.